

**Informe de actividade do valedor do pobo en 2012**  
**Área de cultura e política lingüística**



O 26 de abril de 2013, o valedor do pobo fixo público o seu informe do ano 2012. Dende ProLingua quixemos recoller o referente á política lingüística que, como é adoito, se trata dentro da área de cultura. Chama a atención o escaso número de queixas presentadas, algunhas referidas a temas de patrimonio cultural, outras a convalidacións dos niveis do CELGA e finalmente as que teñen relación coa conculcación dos dereitos lingüísticos da cidadanía.

## Índice

- I. Introducción
- II. Datos cuantitativos
- III. Actividade
- IV. Consideracións que fai o valedor
- V. Conclusión de ProLingua

### I. Introducción

Dise no informe do valedor:

«En materia de política lingüística, un dos focos de conflitividade foi a publicación, no mes de novembro, da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que invalidou dous artigos do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. O TSX de Galicia decidiu estimar parcialmente o recurso presentado pola Mesa pola Normalización Lingüística contra o decreto do plurilingüismo e anular os artigos 5.2 e 12.3 por ser "contrarios a dereito".» (p. 717)

«En canto á concreta actividade desta institución con relación a política lingüística, neste apartado trátanse todos aqueles problemas ou queixas presentadas polos cidadáns con relación ás linguas oficiais na nosa comunidade autónoma. Fundamentalmente o que se busca é evitar a discriminación ou exclusión tanto da lingua galega como da castelá nas actuacións das administracións públicas, empresas delas dependentes e organismos cun nexa de unión con aquelas que poden e son obxecto de supervisión por parte desta institución de acordo co determinado na nosa lei reguladora. No entanto, **na práctica, o Valedor tamén actúa ante queixas que se presentan e que afectan a entidades privadas radicadas en Galicia fronte a actuacións e situacións de feito de posibles discriminacións das nosas linguas oficiais**, facéndoos partícipes das inquietudes cidadás e solicitando a modificación daquelas situacións en

aras da colaboración con esta institución e en exercicio da nosa función como garante dos dereitos lingüísticos dos galegos. Trátase, polo tanto, de que o emprego de calquera das linguas oficiais teña as mesmas consecuencias xurídicas, sen discriminacións e exclusións. Así mesmo, tamén é necesario que os poderes públicos autonómicos promovan a lingua galega como lóxica consecuencia da imperiosa necesidade da súa protección e desenvolvemento.» (páx. 719)

Xa que logo, un dos dereitos que o Valedor do Pobo está obrigado a tutelar é o dereito ao uso normal do galego como idioma propio de Galicia, como tamén supervisar a efectividade do deber estatutario que afecta aos poderes públicos da Comunidade de garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e da potenciación do emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. Neste sentido, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 4 apartado 1º, sinala que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma, e que tamén o é o castelán, como lingua oficial do Estado. Continuando esta liña, **o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega marca como obxectivo asegurar que na administración autonómica o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas das administracións**, nas relacións entre as administracións e nas relacións destas cos cidadáns, ao obxecto de lograr, deste xeito, consolidar o galego como lingua xeral de referencia nas administracións galegas.

No ámbito da función pública, o artigo 54 apartado 11 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto do empregado público establece que os empregados públicos garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite e sempre que sexa oficial no territorio. **O artigo 7 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa administración local.**

Outra achega ao marco legal regulador da política lingüística de Galicia veu por medio da **Lei 1/2010 de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior**, que na súa disposición adicional sexta relativa ao fomento do uso da lingua galega na actividade dos prestadores de servizos establece:

**1. Os prestadores de servizos que operen en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística**, especialmente a partir da Lei 3/1985, de 15 de xuño, de normalización lingüística, de acordo co disposto no apartado 4 do artigo 1 da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

**2. Para estes efectos, favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberán ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita en lingua galega.**

Para pechar este apartado introdutorio, citamos unha novidade legislativa de relevo neste ano 2012. Aludimos á Lei 2/2012, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, cuxos artigos 45 e 46 regulan os dereitos lingüísticos dos consumidores tanto nas súas relacións coa administración competente en materia de consumo como nas relacións de consumo. Establécese expresamente que **a Administración autonómica incentivará a utilización da lingua galega na oferta de compra, a información de carácter fixo e documentación, as relacións entre os consumidores, e destes cos ofertantes.** (pp. 720-721)

## II. Datos cuantitativos

Presentáronse 67 queixas, das cales foron admitidas 60. Das outras 7, foron 4 as remitidas ao *defensor del pueblo* e 3 non foron admitidas (1 por referirse a unha relación xurídica privada, 1 por non producirse actuación administrativa irregular, 1 por non ser competencia do valedor). De 2010 resolveuse unha e outra está en trámite. De 2011 resolvéronse 20.

## III. Actividade

No referido á Política lingüística velaí as queixas (p. 730 e ss.)

### a. Modelos e formularios.

Queixas de particulares por supostos incumprimentos por parte das administracións dos dereitos lingüísticos dos cidadáns relativos a modelos e formularios utilizados por aquelas.

\* **No SERGAS, falta de modelos en lingua galega e en lingua castelá e carencia de formularios de consentimento informado en galego.**

\* No ámbito local inexistencia de formularios de petición dos administrados nalgunha das dúas linguas, así como outros **documentos dos entes locais, en especial os recibos para o pagamentos de impostos municipais.**

Queixa contra o concello de Lugo por notificacións e recibos redactados só en lingua galega, cando o interesado, como en anos anteriores, manifestara preferencia polo castelán.

Carencia de formularios de queixas en castelán na policía municipal de Lugo.

\* **Consentimento informado**

Dúas queixas sobre dous documentos de consentimento informado por non estar o documento en galego, un en Lugo, outro na Coruña.

#### b. Comunicaci3ns:

Un cidad3n reclama porque do IES Nosa Se1ora dos Ollos Grandes lle seguen mandando as comunicaci3ns en galego cando el solicitara que se lle enviasen en castel3n. O valedor pide que se garanta o dereito a escoller lingua.

#### c. Sinalizaci3ns

- \* **Rotulaci3n s3 en castel3n do Hospital Xeral de Vigo e de Povisa.**
- \* Varias queixas por utilizaci3n de **toponimia incorrecta no 3mbito da Administraci3n local.**
- \* Respecto da denominaci3n correcta do propio concello, recomendaci3n ao concello da Coruña referente 3 Compa1a de tranv3as da Coruña, para que as comunicaci3n aos cidad3ns se realicen sen exclusi3n de ningunha das linguas oficiais.
- \* Utilizaci3n de **top3nimos inadecuados por parte do concello de Laracha** nos bolet3ns para o empadroamento. O concello xa reclamara ao Ministerio de Fomento.
- \* Utilizaci3n de **toponimia inadecuada por parte da Demarcaci3n de Costas de Galicia**
- \* Falta da versi3n en lingua galega na web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

#### Estas son as resoluci3ns do valedor do pobo:

- a. Recomendaci3n 3 Deputaci3n Provincial de Pontevedra para que realice as comunicaci3ns informativas sen exclusi3n de ningunha das d3as linguas oficiais. A Deputaci3n acepta a recomendaci3n. (p. 736)
- b. **Recordatorio de deberes legais** dirixido ao concello de Ribeira **para a utilizaci3n do top3nimo Ribeira.** O concello acepta parcialmente a recomendaci3n. (p. 755)
- c. Recordatorio de deberes legais dirixido 3 Conseller3a de Cultura, Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria para a utilizaci3n nas comunicaci3ns da comunidade educativa da lingua de opci3n do cidad3n a prop3sito da queixa en relaci3n coa discriminaci3n do castel3n nas relaci3ns co IES A Nosa Se1ora dos Ollos Grandes de

Lugo. Non foi aceptado pola Consellería. (p. 765)

d. Recomendación dirixida á Consellería de Facenda para que non reclame os xuros de mora nun expediente de liquidación de impostos por non aceptar o dereito de opción lingüística do interesado. Non aceptada pola Consellería. (p. 770)

#### IV. Consideracións que fai o valedor

Velaquí o máis salientable das consideracións finais que fai o valedor:

“En materia de política lingüística, en liñas xerais, hai que destacar a cooperación das diferentes administracións públicas nas relacións con esta institución, e o seu ánimo de atopar solucións ás queixas presentadas polos cidadáns en relación cos seus dereitos lingüísticos. Con todo, como queda reflectido no apartado anterior, non se aceptaron todas as recomendacións realizadas por esta Institución, o que debemos censurar publicamente.

Tamén debe subliñarse que ante as queixas presentadas nesta materia, nos diferentes informes remitidos polos departamentos afectados da Administración autonómica, ratifícase o compromiso, que xa reflectimos en informes anteriores, de facilitar ao administrado a información oral e tamén a documentación de que se trate en cada caso, na lingua que voluntariamente o cidadán elixa.

Así mesmo, é necesario recordar que tras a nosa intervención, moitos dos supostos concluíronse con solucións favorables para os interesados xa que se produciron modificacións das condutas das administracións afectadas en cada caso adecuándoas ao solicitado por aqueles e sempre, segundo a opinión e criterio desta institución, pola necesidade de respectar os dereitos lingüísticos dos nosos cidadáns para conseguir unha adecuada aplicación, utilización e respecto de e polas nosas linguas oficiais nesta Comunidade Autónoma.” (p. 779)

“En fin, e como se indicou anteriormente, o Valedor actúa para evitar exclusións ou discriminacións dalgunha das linguas oficiais, e para asegurar que os poderes autonómicos fomentan a lingua galega, patrimonio cultural que todos estamos chamados a conservar.” (p. 780)

As referencias ás páxinas corresponden ao Informe do valedor do pobo de 2012 que se pode descargar do [sitio web do valedor](#)

#### V. Conclusión de Prolingua

Como xa se dixo, **a lingua ocupa un escaso lugar** non só dentro do informe, senón tamén na área no que o noso idioma está tratado. Máis aínda, dentro da política lingüística abórdanse temas que nada teñen que ver coa defensa da

lingua, como as reclamacións presentadas sobre convalidacións cos niveis do CELGA.

Chama poderosamente a atención que seguen existindo cidadáns que senten conculcados os seus dereitos por non atoparen algún documento en castelán.

Se cadra non resulte demasiado arriscado supoñer que o **descoñecemento evidente que a cidadanía ten desta institución** e, en consecuencia, a pouca utilidade que se lle concede esta, en boa parte, motivada polo que podería parecer escaso interese do propio organismo en se dar a coñecer o suficiente entre as xentes do común.

Polo que toca á lingua parece obvio que a maior parte das cuestións que ao valedor chegan, por máis que sexan individuais, deixan adiviñar moitas veces a presenza de condutos organizados, nun ou noutro sentido, como son os casos do Instituto Virxe dos Ollos Grandes e mais o Concello de Lugo, que se repiten sempre nos mesmo termos.

En resumo, un **triste informe** do que se podería tirar a conclusión de que estamos nunha situación normal polo reducido número de queixas que presenta a cidadanía e que, pola contra, non pode agachar un certo grao de **desleixo por parte dos poderes públicos**.

Maio de 2013

ProLingua